

**DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2022/G005/000039.**

**Excma. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática**o vindeiro mércores día **7 de setembro de 2022, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

**ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**LICENZAS URBANÍSTICAS**

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA MELLORA DAS CONDICIÓNIS DE ACCESIBILIDADE EN VIVENDA UNIFAMILIAR DE PALNTA BAIXA, DÚAS PLANTAS ALTAS E BAIXO CUBERTA, CONSISTENTE NA INSTALACIÓN DE ASCENSOR NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA CAMIÑO VERDE, NÚMERO 26, CON REFERENCIA CATASTRAL 6642022PH1664S0001ES, A NOME DE DONA MARÍA BEGOÑA REAL FERREIRO. (2022/Y001/000066).

**ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**CONTRATACIÓN**

2. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO NO CAMPO DE HERBA NATURAL DO ESTADIO DE ATLETISMO GREGORIO PÉREZ RIVERA, NO CAMPO DE HERBA ARTIFICIAL DO CAMPO DE FÚTBOL DO POLVORÍN E NO CAMPO DE HERBA NATURAL NO CAMPO DE BEISBOL DO CEAO. EXP. REF. 2022/C003/000012. ADXUDICACIÓN.

3. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS C.E.I.P E ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS. EXP. REF. 2020/C003/000015. 2ª PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 26-8-22 ATA 25-8-2023.

4. CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DO SERVIZO DE VIXILANCIA NOS SETE CENTROS DE CONVIVENCIA MUNICIPAL. (EXPTE. REF. 2019-070 TECOL 2021/C003/000016). 2ª PRÓRROGA DO CONTRATO DENDE O 1/7/2022 ATA O 31/12/2022.

**MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS**

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac7402492095313211986.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 7-9-2022

### ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarlo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

**Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,**